



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO DE ADMINISTRADORES DE FINCAS DE GALICIA NA INFORMACIÓN SOBRE A EXISTENCIA E UTILIDADE DO TELÉFONO DA SOIDADE NON DESEXADA PARA O EXERCICIO 2025

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia, o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá os seus efectos dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas funcións o establecemento da súa colaboración na información do teléfono da Soidade Non Desexada para as persoas maiores da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025.

Que a cooperación radica en que desde calquera inmobile da Comunidade autónoma galega por medio dos administradores de fincas, e como profesionais, lles permite dar información ás persoas maiores destes edificios, sexan inquilinos ou propietarios, sobre a existencia e utilidade do teléfono. A finalidade é dar a coñecer a existencia do teléfono da Soidade Non Desexada e o uso que deste poden facer as persoas maiores, vivan ou non soas ou que senten que as súas relacións interpersoais son insuficientes ou de baixa calidade e tratar de minorar na medida do posible as consecuencias negativas que esta situación de soidade provoca.

O interese publico deste servizo telefónico queda acreditado como unha actuación innovadora de atención ás persoas maiores que se atopan en situación de soidade non desexada. Ditos servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas que se atopan na devandita situación e serán atendidos por persoal especialista, formado para ese efecto.

As persoas beneficiarias da actuación obxecto deste convenio, consistente na transmisión de información sobre o teléfono da Soidade non desexada a través dos administradores de fincas de Galicia, son os veciños e veciñas que viven nos inmobles xestionados por estes profesionais e que poden atoparse en risco de estar nesa situación de soidade ou xa padecela.

Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de colaboración exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de





novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A vixencia do instrumento de colaboración comprende dende día da súa sinatura e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2025.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital.

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

